

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 14/2021

SESION EXTRAORDINARIA DO 11 DE NOVEMBRO DE 2021

ORDE DO DÍA

- 1.- Concesión Medalla da Cidade. Expte. 18716/101 (Rexistro Pleno 3170/1101).
- 2.- Nomeamento de Vigueses Distinguidos. Expte. 18715/101 (Rexistro Pleno 3171/1101).

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
 Aguiar Castro Yolanda
 Aneiros Pereira Jaime
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores
 Caride Estévez María José
 Espinosa Mangana Elena
 Estévez Rodríguez Pablo Luis
 Fernández Pérez José Manuel
 Gómez Díaz Gorka
 Iglesias González Ana Laura
 Lago Barreiro María del Carmen
 López Font Carlos
 Losada Alvarez Abel Fermín
 Mejías Sacaluga Ana Maria
 Pardo Espiñeira Francisco Javier
 Rivas González Ángel
 Rodríguez Calviño Patricia
 Rodríguez Díaz Santos Héctor
 Rodríguez Rodríguez Nuria
 Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Egerique Mosquera Teresa
 González Castillo Jesús Marco
 López Román Patricia
 Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
 Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTE:

Silva Rego M^a Carmen, concelleiro do grupo municipal Socialista.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 1 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día once de novembro do ano dous mil vinteun, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.(211).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 18716/101 (REXISTRO PLENO 3170/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 8 de novembro de 2020, a xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, co conforme da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta:

“Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 8 de novembro de 2021, a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, Patricia Rodríguez Calviño, órdea o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión da Medalla da Cidade 2021 ao SECTOR SERVIZOS ESENCIAIS e máis a dona SUSANA RODRÍGUEZ GACIO, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

I. LEXISLACIÓN APLICABLE

- ✓ Constitución Española de 1978
- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia
- ✓ Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- ✓ Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado o 30 de maio de 2016
- ✓ Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 2 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II. ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- No seu artigo 7, o dito Regulamento establece como distinción a Medalla da Cidade e o seu artigo 3 establece que se poderá propoñer aos candidatos/as por mor de moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de Concelleiros e Concelleiras igual á maioría absoluta.

CUARTO.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 30.05.2016, establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

QUINTO.- Con data 8 de xullo de 2021 celebrouse Xunta de Voceiros/as co obxecto de evacuar o trámite de consulta previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, comunicándose a proposta de conceder a Medalla da Cidade ao SECTOR SERVIZOS ESENCIAIS e máis a dona SUSANA RODRÍGUEZ GACIO,

III. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

A) MARCO LEGAL

PRIMEIRO.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.

SEGUNDO.- Neste marco legal, no ano 1985 apróbase a Lei Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.

TERCEIRO.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 3 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CUARTO.- Pola súa parte, o artigo 190 da citada disposición sinala que os Concellos, Diputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares poderán acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruíra ao efecto.

QUINTO.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.

SEXTO.- O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que “os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinarase en Regulamento especial”.

SÉTIMO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo. No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla de Vigo) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

OCTAVO.- Con data 30.05.2016 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno, que no seu artigo 28.4 establece como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

NOVENO.- Con data 8 de novembro de 2021 celebrouse unha Xunta de Voceiros/as co obxecto de tratar como único punto na orde do día a concesión das distincións de Viguesas/es Distinguidas/os e da Medalla da Cidade, dando cumprimento así ao preceptuado no dito artigo 28.4 do Regulamento de Organización do Pleno da Corporación.

B) MOTIVACIÓN DA MEDALLA DA CIDADE 2021.

Na instrución de servizo de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente figura motivación suficiente dos méritos e cualidades que concorren na concesión da Medalla da Cidade 2021 ao SECTOR SERVIZOS ESENCIAIS e máis a Dona SUSANA RODRÍGUEZ GACIO:

- SECTOR DE SERVIZOS ESENCIAIS en recoñecemento polos seu papel fundamental ao contribuír ao benestar da cidadanía durante a pandemia. Pola súa actuación rápida, eficaz e segura para poder abastecer á poboación sen limitacións a efectos de transporte de mercadorías, funcionamento de infraestruturas, comunicacións e de apertura de establecementos. O modelo de distribución de proximidade foi un exemplo da capacidade de garantir o acceso das cidadáns e cidadás aos servizos básicos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 4 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con este recoñecemento o Concello de Vigo pretende agradecer a todo o persoal do sector de servizos polas súas xornadas de traballo, á veces ampliadas en horario, para garantir que os produtos de primeira necesidade chegaran aos fogares de toda a cidadanía viguesa.

- Dona SUSANA RODRÍGUEZ GACIO- MEDALLISTA PARAOLÍMPICA pola súa inmensa dimensión humana.

A vida de Susana Rodríguez é a de unha persoa que unha tras outra foi superando as barreiras da deficiencia que lle dificulta a visión.

Practica deporte dende moi nena probando en varias disciplinas ata que no ano 2010 participa no seu primeiro triatlón (natación, bicicleta e carreira a pé).

Entre proba e proba, entre títulos europeos e mundiais para deportistas con discapacidade visual, entre viaxes por todo o mundo e adestramentos, Susana foi quen de sacar a diplomatura de fisioterapia e licenciarse en medicina na Universidade de Santiago de Compostela.

Entre doentes e adestramentos para os Xogos Paraolímpicos, alcanzou a cima da popularidade ao ser portada da revista *Time* pola súa labor na loita contra o coronavirus.

C) INCIDENCIA ECONÓMICA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para o galardoado/a, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

IV. COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo, a proposta da Concellería de Xestión Municipal, e no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación, arts. 127 da Lei 7/85 e Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, e resolución de alcaldía de data 16 de abril de 2021, e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de abril de 2021 de modificación de competencias

V. PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía - Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 5 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano competente a seguinte... ”

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual á Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO.

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión da Medalla da Cidade 2021 ao SECTOR SERVIZOS ESENCIAIS en recoñecemento polo seu papel fundamental ao contribuír ao benestar da cidadanía durante a pandemia; e máis a dona SUSANA RODRÍGUEZ GACIO - MEDALLISTA PARAOLÍMPICA pola súa inmensa dimensión humana, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren na entidade proposta e que se conteñen na parte expositiva deste informe-proposta.

SEGUNDO.- “Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

2.(212).- NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 18715/101 (REXISTRO PLENO 3171/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 8 de novembro de 2021, a xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, co conforme da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta:

“Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 8 de novembro de 2021, a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, Patricia Rodríguez Calviño, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidos 2021”, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.



Copia do documento - Concello de Vigo
3189-1101

Data impresión: 29/12/2021 13:50

Páxina 6 de 21

CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

I. LEXISLACIÓN APLICABLE

- ✓ Constitución Española de 1978
- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas
- ✓ Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia
- ✓ Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- ✓ Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado o 30 de maio de 2016
- ✓ Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981

II. ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no ruego; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- En aplicación do artigo 5.3. do Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo plenario de 29 de setembro de 1981, a Comisión de goberno do 14 de marzo de 1988 (actualmente Xunta de Goberno Local), aprobou a institucionalización do nomeamento de “Vigués Distinguido” para galardoar “á persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; viguéses famosos, populares e mesmo, nalgúns casos, persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría.

CUARTO.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 30.05.2016, establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

QUINTO.- Con data 8 de novembro de 2021 celebrouse Xunta de Voceiros/as co obxecto de evacuar o trámite de consulta aos grupos políticos con representación no Pleno, previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, realizándose a proposta que se contén no expediente de referencia.

III. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

A) MARCO LEGAL

PRIMEIRO.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 7 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.

SEGUNDO.- Neste marco legal, no ano 1985 apróbase a Lei Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.

TERCEIRO.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

CUARTO.- Pola súa parte, o artigo 190 da citada disposición sinala que os Concellos, Deputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares poderán acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruíra ao efecto.

QUINTO.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.

SEXTO: O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que “os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinarase en Regulamento especial”.

SÉTIMO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo. No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla de Vigo) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

OITAVO.- Con data 30.05.2016 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno, que no seu artigo 28.4 establece como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

NOVENO.- Con data 8 de novembro de 2021 celebrouse unha Xunta de Voceiros/as extraordinaria co obxecto de tratar como único punto na orde do día a concesión das distincións de Viguesas e Vigueses Distinguidos e da Medalla da Cidade, dando cumprimento así ao preceptuado no dito artigo 28.4 do Regulamento de Organización do Pleno da Corporación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 8 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

B) MOTIVACIÓN PARA OUTORGAR A DISTINCIÓN.

Na instrución de servizo de data de sinatura electrónica 8 de novembro de 2021 incorporada ao expediente figura motivación suficiente dos méritos e cualidades que, a xuízo dos propoñentes, concorren nos candidatos e candidatas ao galardón, no xeito que deseguido se indica:

1.- D. FRANCISCO CASTRO VELOSO, VIGUÉS DISTINGUIDO POLA SÚA EXTRAORDINARIA CONTRIBUCIÓN AO MUNDO DA CULTURA E POLA SÚA LABOR DESDE A EDITORIAL GALAXIA.

Francisco Castro naceu en Vigo e xa dende moi mozo interesouse polo desenvolvemento de proxectos culturais de todo tipo, tanto a nivel educativo como de promoción da lectura.

É un dos narradores galegos que comezaron a publicar no inicio do século XXI. A súa narrativa destaca pola orixinalidade á hora de abordar xéneros moi diferentes. Desde o ano 2016 e o director xeral da editorial Galaxia, editorial que recibiu o galardón de Medalla da Cidade no ano 2000.

No ano 2018 entrou a formar parte da sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega.

2.- D. NICOLÁS RODRÍGUEZ GARCÍA-PAZ, VIGUÉS DISTINGUIDO POLO SEU ESFORZO, TESÓN E MÉRITO PARA SEGUIR NA COMPETICIÓN DEPORTIVA E ACADAR A MEDALLA DE BRONCE NOS XOGOS OLÍMPICOS DE TOKYO.

Nico Rodríguez é un deportista vigués que compite en vela na clase 470. Odontólogo de profesión, finalmente decantouse pola vela.

Formado na escola de vela do Real Club Náutico de Vigo, comezou a competir internacionalmente no ano 2009 na clase 420 proclamándose campión de España ese mesmo ano.

No ano 2013 iniciou a súa carreira na clase olímpica 470 conseguindo a súa primeira medalla olímpica nos xogos de Tokyo.

3.- D. ANTONIO MANUEL ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, VIGUÉS DISTINGUIDO POLA SÚA EXTRAORDINARIA TRAXECTORIA PROFESIONAL ASÍ COMO POLA SÚA DIMENSIÓN HUMANA.

Antonio Estévez é un referente no periodismo radiofónico vigués. Leva 45 anos desenvolvendo o seu labor cunha “excepcional” traxectoria profesional e enorme dimensión humana, cubrindo as novidades do deporte.

Dende os seus inicios no Pobo Galego, La Voz de Galicia e Atlántico Diario, onde pertence ao grupo fundador, foi xefe de Deportes, ata correspondente de Marca e locutor de radio na Cope.

4.-D. ANTONIO COELLO BUFILL, VIGUÉS DISTINGUIDO POLA SÚA LABOR REALIZADA EN FAVOR DA CIDADE DESDE A SÚA POSICIÓN POLÍTICA E INSTITUCIONAL

Antonio Coello Bufill, naceu en Huesca. É licenciado en Dereito pola Universidade de Navarra, xubilado como funcionario de carreira do curso Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 9 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ingresou nos anos 70 no Instituto nacional de previsión, accedeu ao corpo Superior da administración do Estado e exerceu varios cargos na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Entre 1994 e 2003 foi designado delegado provincial da Consellería de Xustiza e Relacións laborais da Xunta.

Concelleiro de Seguridade e Mobilidade no Concello de Vigo ata 2007, puxo en marcha o multa móbil, o polémico vehículo equipado con cámaras para multar aos vehículos mal estacionados.

No ano 2011 foi elixido polo Parlamento de Galicia membro do Consello social da Universidade de Vigo e exerceu como delegado do Goberno en Pontevedra dende 2012 ata 2016.

- EX AEQUO OS CENTROS ESCOLARES CON MAIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE:

5.- COLEXIO MARTÍN CÓDAX

O colexio Martín Códax nace en 1971 inspirado na Institución Libre de Ensinanza e na tradición cultural galega. O proxecto puxo en pé unha escola laica e democrática ao servizo do desenvolvemento ético, cognitivo e emocional dos nenos e nenas como verdadeiro centro do feito educativo.

A estratexia pedagóxica do colexio, de raíz construtivista, concibe a aprendizaxe como motor de desenvolvemento e baséase na procura da autoestima e o autoconceito, na responsabilidade persoal e na adquisición do coñecemento a partir da creatividade, curiosidade e capacidade de experimentación do ser humano.

6.- CEIP FONTE ESCURA

O CEIP Fonte Escura é un centro innovador e inclusivo, con metodoloxías punteiras ás aforas da gran urbe.

Contan cunha contorna escolar natural incomparable, tendo moi en conta o espírito ecolóxico e medioambiental, que rexen o día a día do centro.

Apostan pola diversidade e a atención individualizada, a cal é posible grazas a unha ratio baixa que permite grupos reducidos e unha dedicación exclusiva ao seu alumnado.

7.- ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL CRISTO DE LA VICTORIA

É unha escola próxima e familiar con nenos e nenas de tres a seis anos que aprenden xogando, traballando por proxectos, sen recorrer ao material impreso. Coidan da súa autoestima para que medre a súa seguridade e poidan afrontar retos na vida. O seu obxectivo é que sexan felices.

- EX AEQUO TRABALLADORAS SOCIAIS, EDUCADORAS SOCIAIS E TÉCNICAS DE INCLUSIÓN SOCIAL E SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE VIGO E COMEDORES SOCIAIS DA CIDADE DE VIGO POLO EXTRAORDINARIO TRABALLO DURANTE A PANDEMIA:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 10 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.- TRABALLADORAS SOCIAIS, EDUCADORAS SOCIAIS, TÉCNICAS DE INCLUSIÓN SOCIAL E SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE VIGO.

Os Servizos Sociais Municipais son o instrumento máis eficaz para garantir a atención das necesidades sociais de toda a poboación, previr a desigualdade da cidadanía , favorecer o libre desenvolvemento das persoas e dos grupos da sociedade e fomentar o desenvolvemento comunitario.

Este colectivo está composto por traballadoras cunha calidade tanto profesional como humana incrible.

9.- FUNDACIÓN CASA DA CARIDADE DE VIGO-HOGAR SAN JOSÉ, SINGULARIZADO EN SOR FERNANDA.

A educación social é a súa vida, creen firmemente na loita pola igualdade de oportunidades e pola dignidade de todos os seres humanos.

Traballan diariamente para educar aos nenos e nenas en valores tan importantes como o respecto, a diversidade, a amizade, a solidariedade e o amor.

Un recoñecemento aos traballadores que a lo largo desta pandemia sacaron o mellor de casa un converténdose en médicos, profesores, psicólogos, adestradores, modistos, cociñeiros, etc.

10.- MISIONERAS DEL SILENCIO, SINGULARIZADO EN SOR GUADALUPE.

Na Misión do Silencio é onde se atopa un dos comedores sociais que maior actividade tivo durante o confinamento.

As necesidades están a ser moitas pero tamén a doazón de tempo e recursos están animando á entrega diaria de moitos, usuarios, voluntarios e traballadores que están escribindo unha historia de fraternidade.

11.- COMEDOR DO ALBERGUE MUNICIPAL.

O comedor social e o albergue están unidos na acción conxunta de proporcionar unha adecuada cobertura das necesidades persoais básicas e das necesidades sociais para promover a autonomía e benestar das persoas e asegurar o seu dereito a vivir dignamente.

Durante a pandemia deron servizos ás persoas máis vulnerables, as persoas transeúntes e as persoas sen teito, sen fogar.

Un lugar de acollida e encontro onde se facilita a normalización e incorporación social das persoas que o empregan.

12.- ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO (AFÁN), SINGULARIZADO EN DONA HORTENSIA GONZÁLEZ-TENSI.

Dona Hortensia González Fernández, Tensi, Presidenta de AFAN, Asociación Freixeiro de Ayuda al Necesitado, que xa fora nomeada Viguesa Distinguida como asociación, pero que hoxe merece unha mención moi especial polo inxente traballo realizado en colaboración cos servizos sociais do Concello de Vigo durante a dura pandemia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 11 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Non só atendendo, coma sempre aos máis vulnerables, se non polo excepcional dispositivo posto en marcha para a atención de persoas confinadas por COVID.

- EX AEQUO MERCADOS MUNICIPAIS POLA SÚA DEDICACIÓN E ATENCIÓN A CIDADANÍA DURANTE DÉCADAS

13.- MERCADO DE BOUZAS.

O mercado de Bouzas deseñado polo Arquitecto Jenaro de la Fuente en 1902 e construído en 1920. É unha das mellores testemuñas do seu pasado como vila mariñeira, onde Vigo domina por completo o Atlántico. Foi construído ao mesmo tempo que os mercados de Laxe e Progreso, aínda que o mercado de Bouzas é o único que se conserva na actualidade. É un edificio independente cun estilo pintoresco con influencia inglesa. Situábase nunha duna, fronte á secadora de redes e xunto á fábrica de conservas de Barreras. Este mercado foi remodelado no ano 1983.

14.- MERCADO DO CALVARIO.

O mercado, que se inaugurou nos anos 20 do século pasado e co paso do tempo converteuse nun dos sinais de identidade da zona. Situado no medio dunha rúa peonil, nunha das zonas comerciais máis animadas de Vigo, este mercado é bulicioso e divertido, e unha boa escusa para coñecer un lado máis de Vigo.

15.- MERCADO DAS TRAVESAS.

Acolledor e moi práctico, o mercado das Travesas construído no ano 1982, conseguiu manter a tradición das compras "de toda a vida" neste enorme barrio. Dende que foi reformado no ano 2000, incluíndo un supermercado, esta praza é o centro comercial da zona, e un bo exemplo do moito que nos gusta en Vigo manter as tradicións ... aínda que modernizadas.

16.- MERCADO DO PROGRESO.

O Mercado Progreso está situado nunha zona privilexiada da cidade de Vigo, delimitada polas rúas Ronda Don Bosco e Velázquez Moreno e a confluencia das rúas Progreso e Eduardo Iglesias. É unha zona moi activa a todos os niveis, tanto a nivel económico, social como cultural. Inaugurado a principios do século XX, o 1 de outubro de 1908, foi construído seguindo un deseño orixinal do arquitecto Benito Gómez Román, que foi continuado e posteriormente rematado polo arquitecto municipal Jenaro de la Fuente Domínguez. Así, cento tres anos de historia apoian a traxectoria de Mercado Progreso. O edificio actual é de nova construción, xa que en 1975 o edificio orixinal foi demolido, xirando este mercado tradicional e adaptado aos novos tempos no ano 2014.

17.- MERCADO DE CABRAL.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 12 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Concello de Vigo constrúe este edificio de uso mixto no ano 1991, sendo o principal uso para mercado ao que se incorpora un anexo que, debería servir como dotación cultural e servizos municipais, pasando a ser co paso do tempo, en a maior parte nun centro de formación, dando vida o entorno á beira do río Lagares.

É un edificio con volumes sinxelos e ben acoplados, no que o corpo cilíndrico, que alberga unha importante rampla de conexión entre os distintos espazos, reforza esa imaxe. Fíxose especial fincapé na distribución do mercado, con rutas fáciles adaptadas ao uso previsto e reforzadas polo tratamento da luz natural.

18.- MERCADO DO BERBÉS.

Antes de que houbera a praza de abastos do Berbés, un dos máis antigos de Vigo, as vendas facíanse ao aire libre, xusto na praza. Pero o mercado da Praza dos Ratos, que así chamábase O Berbés, deixou de existir en 1966, despois de que se inaugurase a actual praza. Daquela formaba parte da Ribeira de O Berbés, onde o peixe levaba máis de cen anos vendéndose; No século XIX este era o único mercado que existía en Vigo, xunto á da rúa Pescadería, que hoxe é a rúa das Ostras.

Pasaron case dous séculos, pero O Berbés segue destacando polos seus peixes e mariscos, aínda que os novos tempos trouxeron consigo carnes, postos de froitas e verduras, pan, flores .. tal e como o coñecemos foi construído no ano 1966 e renovado no ano 2015.

19.- MERCADO DE TEIS

O Mercado Municipal de Teis reuniu a máis de 50 comerciantes ao longo dos seus 75 anos de existencia, a maioría dos cales son peixaría, como corresponde a un barrio tan mariñeiro como Teis. Co paso dos anos, o mercado, que orixinalmente só vendía peixe, abriuse a outros produtos, como froita, carne e incluso alberga un salón de peiteado nas súas instalacións.

Foi construído no ano 1944 e posteriormente remodelado no 1984.

20.- ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS (EMAO) POLO 135 ANIVERSARIO DE PERMANENCIA NA CIDADE.

A Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) foi inaugurada o 26 de setembro de 1886 nun edificio da antiga rúa do Circo, hoxe rúa Eduardo Iglesias expresamente construído par este centro.

O proxecto de creación dunha escola de artes e oficios na cidade foi impulsado por D. Eduardo Chao. En 1888 fíxose cargo deste establecemento o goberno Municipal.

Ante o crecente número de alumnos e os excelentes resultados obtidos, o filántropo García Barbón dedicou a construción dun novo edificio que se inauguro o 23 de setembro de 1900 e que foi deseñado pol arquitecto Michel Pacewicz.

Posteriormente foi doado a cidade coa condición de que os ensinados impartidos foran de balde e de que o Concello de Vigo xestionase o edificio.

Dende a súa fundación miles de viguesas/es puideron formarse profesionalmente para atopar un posto de traballo. Este ano cúmprese 135 anos do inicio da súa actividade.



Copia do documento - Concello de Vigo
3189-1101

Data impresión: 29/12/2021 13:50

Páxina 13 de 21

CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

C) INCIDENCIA ECONÓMICA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

D) COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo, a proposta da Concellería de Xestión Municipal, e no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación, arts. 127 da Lei 7/85 e Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, e resolución de alcaldía de data 16 de abril de 2021, e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de abril de 2021 de modificación de competencias

IV.- PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía - Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano competente a seguinte..."

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e cinco votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras, Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e a abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 14 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO.

PRIMEIRO. Aprobar a concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidos 2021”, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, ás persoas e entidades que se conteñen na parte expositiva do informe, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren nos candidatas e candidatos propostos seguintes:

1.- D. FRANCISCO CASTRO VELOSO, VIGUÉS DISTINGUIDO POLA SÚA EXTRAORDINARIA CONTRIBUCIÓN AO MUNDO DA CULTURA E POLA SÚA LABOR DESDE A EDITORIAL GALAXIA.

Francisco Castro naceu en Vigo e xa dende moi mozo interesouse polo desenvolvemento de proxectos culturais de todo tipo, tanto a nivel educativo como de promoción da lectura.

É un dos narradores galegos que comezaron a publicar no inicio do século XXI. A súa narrativa destaca pola orixinalidade á hora de abordar xéneros moi diferentes. Desde o ano 2016 e o director xeral da editorial Galaxia, editorial que recibiu o galardón de Medalla da Cidade no ano 2000.

No ano 2018 entrou a formar parte da sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega.

2.- D. NICOLÁS RODRÍGUEZ GARCÍA-PAZ, VIGUÉS DISTINGUIDO POLO SEU ESFORZO, TESÓN E MÉRITO PARA SEGUIR NA COMPETICIÓN DEPORTIVA E ACADAR A MEDALLA DE BRONCE NOS XOGOS OLÍMPICOS DE TOKYO.

Nico Rodríguez é un deportista vigués que compite en vela na clase 470. Odontólogo de profesión, finalmente decantouse pola vela.

Formado na escola de vela do Real Club Náutico de Vigo, comezou a competir internacionalmente no ano 2009 na clase 420 proclamándose campión de España ese mesmo ano.

No ano 2013 iniciou a súa carreira na clase olímpica 470 conseguindo a súa primeira medalla olímpica nos xogos de Tokyo.

3.- D. ANTONIO MANUEL ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, VIGUÉS DISTINGUIDO POLA SÚA EXTRAORDINARIA TRAXECTORIA PROFESIONAL ASÍ COMO POLA SÚA DIMENSIÓN HUMANA.

Antonio Estévez é un referente no periodismo radiofónico vigués. Leva 45 anos desenvolvendo o seu labor cunha “excepcional” traxectoria profesional e enorme dimensión humana, cubrindo as novidades do deporte.

Dende os seus inicios no Pobo Galego, La Voz de Galicia e Atlántico Diario, onde pertence ao grupo fundador, foi xefe de Deportes, ata correspondente de Marca e locutor de radio na Cope.

4.- D. ANTONIO COELLO BUFILL, VIGUÉS DISTINGUIDO POLA SÚA LABOR REALIZADA EN FAVOR DA CIDADE DESDE A SÚA POSICIÓN POLÍTICA E INSTITUCIONAL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 15 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Antonio Coello Bufill, naceu en Huesca. É licenciado en Dereito pola Universidade de Navarra, xubilado como funcionario de carreira do corto Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social.

Ingresou nos anos 70 no Instituto nacional de previsión, accedeu ao corpo Superior da administración do Estado e exerceu varios cargos na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Entre 1994 e 2003 foi designado delegado provincial da Consellería de Xustiza e Relacións laborais da Xunta.

Concelleiro de Seguridade e Mobilidade no Concello de Vigo ata 2007, puxo en marcha o multa móbil, o polémico vehículo equipado con cámaras para multar aos vehículos mal estacionados.

No ano 2011 foi elixido polo Parlamento de Galicia membro do Consello social da Universidade de Vigo e exerceu como delegado do Goberno en Pontevedra dende 2012 ata 2016.

- EX AEQUO OS CENTROS ESCOLARES CON MAIS DE 50 ANOS DE PERMANENCIA NA CIDADE:

5.- COLEXIO MARTÍN CÓDAX

O colexio Martín Códax nace en 1971 inspirado na Institución Libre de Ensinanza e na tradición cultural galega. O proxecto puxo en pé unha escola laica e democrática ao servizo do desenvolvemento ético, cognitivo e emocional dos nenos e nenas como verdadeiro centro do feito educativo.

A estratexia pedagóxica do colexio, de raíz construtivista, concibe a aprendizaxe como motor de desenvolvemento e baséase na procura da autoestima e o autoconcepto, na responsabilidade persoal e na adquisición do coñecemento a partir da creatividade, curiosidade e capacidade de experimentación do ser humano.

6.- CEIP FONTE ESCURA

O CEIP Fonte Escura é un centro innovador e inclusivo, con metodoloxías punteiras ás aforas da gran urbe.

Contan cunha contorna escolar natural incomparable, tendo moi en conta o espírito ecolóxico e medioambiental, que rexen o día a día do centro.

Apostan pola diversidade e a atención individualizada, a cal é posible grazas a unha ratio baixa que permite grupos reducidos e unha dedicación exclusiva ao seu alumnado.

7.- ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL CRISTO DE LA VICTORIA

É unha escola próxima e familiar con nenos e nenas de tres a seis anos que aprenden xogando, traballando por proxectos, sen recorrer ao material impreso.

Coidan da súa autoestima para que medre a súa seguridade e poidan afrontar retos na vida. O seu obxectivo é que sexan felices.

- EX AEQUO TRABALLADORAS SOCIAIS, EDUCADORAS SOCIAIS E TÉCNICAS DE INCLUSIÓN SOCIAL E SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE VIGO E COMEDORES SOCIAIS DA CIDADE DE VIGO POLO EXTRAORDINARIO TRABALLO DURANTE A PANDEMIA:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 16 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.- TRABALLADORAS SOCIAIS, EDUCADORAS SOCIAIS, TÉCNICAS DE INCLUSIÓN SOCIAL E SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE VIGO.

Os Servizos Sociais Municipais son o instrumento máis eficaz para garantir a atención das necesidades sociais de toda a poboación, previr a desigualdade da cidadanía , favorecer o libre desenvolvemento das persoas e dos grupos da sociedade e fomentar o desenvolvemento comunitario.

Este colectivo está composto por traballadoras cunha calidade tanto profesional como humana increíble.

9.- FUNDACIÓN CASA DA CARIDADE DE VIGO-HOGAR SAN JOSÉ, SINGULARIZADO EN SOR FERNANDA.

A educación social é a súa vida, creen firmemente na loita pola igualdade de oportunidades e pola dignidade de todos os seres humanos.

Traballan diariamente para educar aos nenos e nenas en valores tan importantes como o respecto, a diversidade, a amizade, a solidariedade e o amor.

Un recoñecemento aos traballadores que a lo largo desta pandemia sacaron o mellor de casa un converténdose en médicos, profesores, psicólogos, adestradores, modistos, cociñeiros, etc.

10.- MISIONERAS DEL SILENCIO, SINGULARIZADO EN SOR GUADALUPE.

Na Misión do Silencio é onde se atopa un dos comedores sociais que maior actividade tivo durante o confinamento.

As necesidades están a ser moitas pero tamén a doazón de tempo e recursos están animando á entrega diaria de moitos, usuarios, voluntarios e traballadores que están escribindo unha historia de fraternidade.

11.- COMEDOR DO ALBERGUE MUNICIPAL.

O comedor social e o albergue están unidos na acción conxunta de proporcionar unha adecuada cobertura das necesidades persoais básicas e das necesidades sociais para promover a autonomía e benestar das persoas e asegurar o seu dereito a vivir dignamente.

Durante a pandemia deron servizos ás persoas máis vulnerables, as persoas transeúntes e as persoas sen teito, sen fogar.

Un lugar de acollida e encontro onde se facilita a normalización e incorporación social das persoas que o empregan.

12.- ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO (AFÁN), SINGULARIZADO EN DONA HORTENSIA GONZÁLEZ-TENSI.

Dona Hortensia González Fernández, Tensi, Presidenta de AFAN, Asociación Freixeiro de Ayuda al Necesitado, que xa fora nomeada Viguesa Distinguida como asociación, pero que hoxe merece unha mención moi especial polo inxente traballo realizado en colaboración cos servizos sociais do Concello de Vigo durante a dura pandemia.

Non só atendendo, coma sempre aos máis vulnerables, se non polo excepcional dispositivo posto en marcha para a atención de persoas confinadas por COVID.

- EX AEQUO MERCADOS MUNICIPAIS POLA SÚA DEDICACIÓN E ATENCIÓN A CIDADANÍA DURANTE DÉCADAS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 17 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

13.- MERCADO DE BOUZAS.

O mercado de Bouzas deseñado polo Arquitecto Jenaro de la Fuente en 1902 e construído en 1920. É unha das mellores testemuñas do seu pasado como vila mariñeira, onde Vigo domina por completo o Atlántico. Foi construído ao mesmo tempo que os mercados de Laxe e Progreso, aínda que o mercado de Bouzas é o único que se conserva na actualidade. É un edificio independente cun estilo pintoresco con influencia inglesa. Situábase nunha duna, fronte á secadora de redes e xunto á fábrica de conservas de Barreras. Este mercado foi remodelado no ano 1983.

14.- MERCADO DO CALVARIO.

O mercado, que se inaugurou nos anos 20 do século pasado e co paso do tempo converteuse nun dos sinais de identidade da zona. Situado no medio dunha rúa peonil, nunha das zonas comerciais máis animadas de Vigo, este mercado é bulicioso e divertido, e unha boa escusa para coñecer un lado máis de Vigo.

15.- MERCADO DAS TRAVESAS.

Acolledor e moi práctico, o mercado das Travesas construído no ano 1982, conseguiu manter a tradición das compras "de toda a vida" neste enorme barrio. Dende que foi reformado no ano 2000, incluíndo un supermercado, esta praza é o centro comercial da zona, e un bo exemplo do moito que nos gusta en Vigo manter as tradicións ... aínda que modernizadas.

16.- MERCADO DO PROGRESO.

O Mercado Progreso está situado nunha zona privilexiada da cidade de Vigo, delimitada polas rúas Ronda Don Bosco e Velázquez Moreno e a confluencia das rúas Progreso e Eduardo Iglesias. É unha zona moi activa a todos os niveis, tanto a nivel económico, social como cultural. Inaugurado a principios do século XX, o 1 de outubro de 1908, foi construído seguindo un deseño orixinal do arquitecto Benito Gómez Román, que foi continuado e posteriormente rematado polo arquitecto municipal Jenaro de la Fuente Domínguez. Así, cento tres anos de historia apoian a traxectoria de Mercado Progreso. O edificio actual é de nova construción, xa que en 1975 o edificio orixinal foi demolido, xirando este mercado tradicional e adaptado aos novos tempos no ano 2014.

17.- MERCADO DE CABRAL.

O Concello de Vigo constrúe este edificio de uso mixto no ano 1991, sendo o principal uso para mercado ao que se incorpora un anexo que, debería servir como dotación cultural e servizos municipais, pasando a ser co paso do tempo, en a maior parte nun centro de formación, dando vida o entorno á beira do río Lagares. É un edificio con volumes sinxelos e ben acoplados, no que o corpo cilíndrico, que alberga unha importante rampla de conexión entre os distintos espazos, reforza esa imaxe. Fíxose especial fincapé na distribución do mercado, con rutas fáciles adaptadas ao uso previsto e reforzadas polo tratamento da luz natural.

18.- MERCADO DO BERBÉS.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 18 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Antes de que houbera a praza de abastos do Berbés, un dos máis antigos de Vigo, as vendas facíanse ao aire libre, xusto na praza. Pero o mercado da Praza dos Ratos, que así chamábase O Berbés, deixou de existir en 1966, despois de que se inaugurase a actual praza. Daquela formaba parte da Ribeira de O Berbés, onde o peixe levaba máis de cen anos vendéndose; No século XIX este era o único mercado que existía en Vigo, xunto á da rúa Pescadería, que hoxe é a rúa das Ostras.

Pasaron case dous séculos, pero O Berbés segue destacando polos seus peixes e mariscos, aínda que os novos tempos trouxeron consigo carnes, postos de froitas e verduras, pan, flores .. tal e como o coñecemos foi construído no ano 1966 e renovado no ano 2015.

19.- MERCADO DE TEIS

O Mercado Municipal de Teis reuniu a máis de 50 comerciantes ao longo dos seus 75 anos de existencia, a maioría dos cales son peixaría, como corresponde a un barrio tan mariñeiro como Teis. Co paso dos anos, o mercado, que orixinalmente só vendía peixe, abriuse a outros produtos, como froita, carne e incluso alberga un salón de peiteado nas súas instalacións.

Foi construído no ano 1944 e posteriormente remodelado no 1984.

20.- ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS (EMAO) POLO 135 ANIVERSARIO DE PERMANENCIA NA CIDADE.

A Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) foi inaugurada o 26 de setembro de 1886 nun edificio da antiga rúa do Circo, hoxe rúa Eduardo Iglesias expresamente construído para este centro.

O proxecto de creación dunha escola de artes e oficios na cidade foi impulsado por D. D. Eduardo Chao. En 1888 fíxose cargo deste establecemento o Goberno Municipal.

Ante o crecente número de alumnos e os excelentes resultados obtidos, o filántropo García Barbón dedicou a construción dun novo edificio que se inaugurou o 23 de setembro de 1900 e que foi deseñado polo arquitecto Michel Pacewicz. Posteriormente foi doado a cidade coa condición de que os ensinamentos impartidos foran de balde e de que o Concello de Vigo xestionase o edificio.

Dende a súa fundación miles de viguesas/es puideron formarse profesionalmente para atopar un posto de traballo. Este ano cúmprense 135 anos do inicio da súa actividade.

SEGUNDO.- “Notificar o presente acordo ás/ós galardoadas e galardoados e publicar o mesmo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 19 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Asunto : Pleno extraordinario Novembro
 Legislatura: Mandato 2019-2023
 Órgano : Pleno
 Fecha Inici: Jueves, 11 de Noviembre de 2021 09:06:22
 Fecha Fin : Jueves, 11 de Noviembre de 2021 09:19:11
 Duración : 00:12:49

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3133

- Media

SHA512 -
 77ddae02532833905019329a2df6cc99511c2bc7bb6072c0840a587506c4b1a51f5d176
 ebe864f65f94409624507acea48d9d53feb1d798b495def114e215832

- Minutaje

00:00:00 - Caballero Álvarez, Abel
 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Espinosa Mangana, Elena; Lopéz Font, Carlos; Losada Álvarez, Abel; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gómez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, María Eugenia; Lago Barreiro, María del Carmen; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, José Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Ángel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, José Alfonso; López Román, Patricia; Marco González Castillo, Jesús; Egerique Mosquera, Teresa; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Igrexas, Xabier;

00:00:25 : 1.- Concesión Medalla da Cidade.
 00:00:46 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:03:13 - Caballero Álvarez, Abel
 00:03:17 - Pérez Correa, Rubén
 00:07:49 - Caballero Álvarez, Abel
 00:07:52 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:07:57 - Caballero Álvarez, Abel
 00:08:01 - López Font, Carlos
 00:11:48 - Caballero Álvarez, Abel
 00:12:06 - Votación Punto 1º

00:12:17 : 2.- Nomeamento de Vigueses Distinguidos.
 00:12:21 - Votación punto 2º

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove e vinte horas redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 20 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 14/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2021 13:50	Páxina 21 de 21
3189-1101	CSV: ADADAB-2E263C-CBDB3C-9MM6Y5-36SJ9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		